

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da creación e expansión de cadeas sucursalistas, da mellora dos establecementos comerciais e da súa imaxe, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (Código de procedemento IN217A-presentación electrónica).

Advertidos erros na orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 118, do 23 de xuño de 2010, cómpre facer as seguintes correccións:

No anexo I - Bases reguladoras - Artigo 2º.- Financiamento e concorrencia - onde di: «1. As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto desta orde serán con cargo á aplicación orzamentaria 08.03.751A 770.1 Renovación e fomento da calidade no comercio retalista, cun importe máximo de 1.850.000 euros para o ano 2010, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte de aplicación dos criterios do artigo 9º», debe dicir: «1. As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto desta orde serán con cargo á aplicación orzamentaria 08.03.751A 770.1 Renovación e fomento da calidade no comercio retalista, cun importe máximo de 1.532.000 euros para o ano 2010, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte de aplicación dos criterios do artigo 9º».

Orde do 6 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións corespondentes ao programa de promoción xeral de investigación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Plan Galego de I+D+i) e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1 establece, como obxectivo xeral, o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como

unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de setembro de 2006 aprobou o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (Plan Galego de I+D+i).

A lei sinala que o plan estará integrado por programas horizontais, xerais e sectoriais. Os tres programas xerais definidos no Plan Galego de I+D+i están dirixidos particularmente á promoción da actividade innovadora do sistema público de I+D+i e dos centros tecnolóxicos, e ao seu aliñamento coas estratexias e obxectivos do Plan Galego de I+D+i, ao tempo que incorporan novos conceptos que non teñen cabida noutros programas.

Entre os programas xerais atópase o Programa de promoción xeral de investigación (PXI) que, desde a base da liberdade de investigación, ten como obxectivo darlle soporte aos aspectos básicos e xerais da actividade de I+D+i e da produción científica como elemento esencial no proceso de xeración de novo coñecemento, apostando polo fomento de todas as áreas científico-tecnolóxicas, priorizando criterios de calidade, e propiciando o ambiente óptimo que posibilite xerar coñecemento a longo prazo sen os condicionamentos do mercado ou dunha produtividade inmediata.

No marco do Plan Galego de I+D+i, este programa ten como finalidade identificar a investigación básica de excelencia, investir na dotación dos recursos necesarios e propiciar unha actividade investigadora de calidade e con capacidade para competir no ámbito internacional. Igualmente, é preciso incentivar a mobilidade dos investigadores e investigadoras do sistema público de I+D+i.

Estas liñas de acción determinan o tipo de axudas que se convocan nesta orde: axudas para a realización de proxectos de investigación básica, axudas para a elaboración de propostas para o VII Programa marco e axudas para a organización e asistencia a congresos e cursos científicos.

Consecuentemente con todo o anterior, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria co fin de por en marcha os instrumentos previstos no Plan Galego de I+D+i para a execución do programa de Promoción xeral da investigación.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse para o ano 2010, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva as modalidades de subvencións que a seguir se indican e que se rexerán

polas seguintes bases xerais, así como por aquelas específicas que se inclúen como anexos a esta orde.

-Modalidade de axuda, código de procedemento e anexo:

Elaboración de propostas para o VII Programa marco (VII PM): IN825X: anexo I.

Proxectos de investigación básica: IN825B: anexo II.

Organización de congresos e reunións científicas: IN811A: anexo III.

Asistencia a congresos e reunións científicas: IN810A: anexo IV.

Artigo 2º.-*Solicitudes.*

1. Para poder ser beneficiario/a das subvencións deberán reunirse os requisitos establecidos para cada modalidade de axuda, así como presentar unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se indica nas bases reguladoras de cada modalidade de axuda, cuxas primeiras follas se publican como anexos V, VI, VII e VIII desta orde, e irá acompañada dos documentos que se especifican nos correspondentes artigos das bases reguladoras, ademais das declaracións indicadas no punto 3 deste artigo.

2. Formularios de solicitude:

-Para as axudas convocadas nos anexos I e II desta orde, os formularios de solicitude das axudas deberán obter, cubrir, aceptar e imprimir necesariamente a través da aplicación informática establecida nos enderezos da internet:

<http://www.xunta.es/cumprimentacion-electronica-de-solicitudes> ou <http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>

-Para as axudas convocadas nos anexos III e IV, os formularios de solicitude deberán obter no enderezo web <http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>

3. Ademais daquela documentación específica que se indique en cada un dos anexos desta convocatoria, as solicitudes deberán ir acompañadas das seguintes declaracións (para os anexos I e II os modelos normalizados poderanse obter da aplicación informática habilitada para realizar a solicitude; para os anexos III e IV poderanse obter da páxina web <http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>

-Declaración do solicitante de todas as solicitudes efectuadas e concedidas para o mesmo fin polas distintas administracións públicas competentes ou polos seus organismos ou sociedades.

-Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da axuda recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como de estar ao corrente de pagamentos de obrigas por reintegros de subvencións. No caso de solicitudes das axudas previstas nos anexos I, II e III desta convocatoria, esta declaración deberá ser remitida á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación polo organismo a través do cal se presente

algunha solicitude, non será necesaria máis que unha única declaración, válida para o conxunto de solicitudes presentadas polo seu persoal.

Artigo 3º.-*Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse preferentemente na Oficina de Rexistro Único e Información no complexo administrativo de San Caetano-Santiago de Compostela, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña suscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 4º.-*Información aos interesados.*

1. Sobre estes procedementos administrativos, que teñen os códigos IN825X, IN825B, IN811A, IN810A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (<http://economiaeindustria.xunta.es>) na súa epígrafe de Axudas consellería.

b) Os teléfonos:

-881 99 91 60 e 881 99 91 56 para as axudas convocadas nos anexos I e II.

-981 54 10 83 e 981 54 10 86 para as axudas convocadas nos anexos III e IV.

c) O enderezo electrónico: cei.infopxi@xunta.es

d) Presencialmente.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre estes procedementos, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia, que é o 012.

Artigo 5º.-*Financiamento e concorrência.*

1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro, nas cales existe crédito adecuado e suficiente no orzamento da comunidade autónoma para o ano 2010. Non obstante, se no transcurso do exercicio 2010 se producen variacións orzamentarias que permitan unha maior dispoñi-

bilidade orzamentaria, poderanse conceder máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios establecidos nos artigos correspondentes destas bases.

	Aplicación orzamentaria	Crédito				
		2010	2011	2012	2013	total
Proxectos de investigación básica	08.02.561B.744.0	385.000	1.900.000	1.600.000	1.400.000	5.285.000
	08.02.561A.740.0	75.000	90.000	90.000	60.000	315.000
	08.02.561A.743.0	25.000	41.000	40.000	29.000	135.000
	08.02.561A.781.0	58.000	80.000	73.000	54.000	265.000
	08.02.561A.760.0	3.000	30.000	22.000	20.000	75.000
Elaboración de propostas ao VII PM	08.02.561B.744.0	115.000				115.000
	08.02.561A.740.0	12.000				12.000
	08.02.561A.743.0	12.000				12.000
	08.02.561A.781.0	12.000				12.000
Organización de congresos e reunións científicas	08.02.561A.481.0	8.000				8.000
	08.02.561A.440.0	7.000				7.000
Asistencia a congresos e a reunións científicas	08.02.561A.480.1	25.000				25.000

2. As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das liñas de axudas xestionadas pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para o mesmo fin. Polo demais, estas axudas serán compatibles con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que fose a súa natureza, e a entidade que a conceda, sempre que, conxuntamente, non superen o custo total da actividade ou proxecto.

Artigo 6º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

Así mesmo, conforme co establecido na alínea f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os documentos exixidos que xa estean en poder da Administración actuante non terán que ser presentados coa solicitude, sempre que nela se faga constar a data e órgano ou dependencia en que foi presentada a documentación e que non transcorren máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponda.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo,

de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal, que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederá á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, a Consellería de Economía e Industria revelaralles ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificios administrativos San Caetano-San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que se poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 7º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondendo ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 8º.-*Instrución dos procedementos.*

1. Se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da

correspondente resolución, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e cos efectos previstos no artigo 42.1º da citada lei.

2. Os requirimentos citados de emenda poderanse notificar mediante publicación nun taboleiro da páxina web da Consellería de Economía e Industria.

3. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderá requirirse o solicitante para que forneza cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán ao dispor do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 9º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados nos anexos correspondentes, así como de emitir o informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada, e de determinar a contía de cada axuda tendo en conta, ademais, as disponibilidades orzamentarias, respectando os límites que se fixen en cada un dos anexos desta orde.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidente: o subdirector xeral de xestión do PGIDIT ou persoa en quen delegue.

b) Secretario: un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, con voz e voto.

c) Vogais: seis vogais con voz e voto designados polo director xeral de I+D+i, entre os cales estarán os/as xestores/as do Programa de promoción xeral da investigación.

Para o seu funcionamento, a comisión poderá contar co apoio técnico do persoal que ten encomendada a xestión do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica; en consecuencia, un técnico poderá asistir ás reunións da comisión, a requirimento desta, con voz e sen voto.

3. Na proposta de concesión que formule o órgano instrutor figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obteren a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos na respectiva convocatoria, así como o importe da subvención para cada un deles.

4. O resto das actuacións que se consideren subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas no caso de que os créditos iniciais se incrementen a través dun expediente de modificación de crédito ou pola existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ou producidos por renuncias ou modificacións nos proxectos ou accións inicialmente subvencionados. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 10º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o número anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. O órgano instrutor elevará o citado informe, xunto coa proposta de resolución que formule, ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará:

a) A relación de solicitantes aos cales se lles concede a subvención, así como a súa contía.

b) De ser o caso, a relación priorizada de posibles suplentes.

c) A desestimación do resto das solicitudes.

d) Os restantes puntos establecidos no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. En ningún caso o importe da subvención concedida poderá superar o custo da actividade que desenvolva o beneficiario ou, se for o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

4. No caso de que se propoña o financiamento de solicitudes correspondentes a centros de investigación dependentes da Xunta de Galicia, unha vez ordenadas por orde de prioridade decrecente, a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación estudará o seu financiamento, de acordo coas súas disponibilidades orzamentarias. De ser o caso, procederá a realizar unha retención de crédito na aplicación orzamentaria correspondente da

citada Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación coa finalidade de que a consellería correspondente poida levar a cabo a oportuna ampliación de crédito do seu orzamento para realzar a execución das actividades de investigación.

5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de nove meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrer o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

6. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No entanto, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderá remitirse aos beneficiarios a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

7. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas de desestimación. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas

outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do interesado, sempre que este presente solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos ou circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da subvención.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se lle dará audiencia ao interesado.

Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos dez días desde a notificación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa aceptación á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

No entanto, no caso de modalidade de pagamento anticipado, no prazo máximo de dez días contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución na web da Consellería de Economía e Industria a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

a) Aceptación da subvención.

b) Certificación expedida por unha entidade bancaria en que se sinale o número de conta do beneficiario onde se deba realizar o pagamento.

c) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas, utilizando para estes efectos o modelo publicado no web da Consellería de Economía e Industria <http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se publicará na web da Consellería de Economía e Industria (<http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>), así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. No caso de que se comunicase a renuncia, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 15º.-Obrigas dos beneficiarios.

Sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigados a:

1. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

2. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

3. Comunicarlle á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, da Consellería de Economía e Industria, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

4. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 16º.-Xustificación e pagamento.

1. Poderán realizarse anticipos e pagamentos parciais á conta da liquidación final nas condicións establecidas no artigo 31.6º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 62 e 63 do regulamento que desenvolve a citada lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na correspondente convocatoria.

2. O beneficiario presentará a documentación xustificativa das axudas reguladas nestas bases, tanto aquela de carácter económico como, se é o caso, a de seguimento científico técnico nos prazos establecidos nas convocatorias de cada modalidade de axuda.

3. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención documentarase da maneira que se determine en cada un dos anexos desta orde, e deberá axustarse en canto á súa forma, contido e acreditación, ao establecido no artigo 28 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A documentación xustificativa que hai que presentar e as instrucións para a súa presentación e formalización publicaranse na páxina web (<http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>)

5. Xunto coa xustificación, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

6. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería

poderán solicitar as aclaracións ou informes que achen oportunos.

7. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos ou prazos establecidos na convocatoria ou a súa xustificación insuficiente levará aparelado o reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-Garantías.

No caso de pagamentos á conta ou anticipos, non se precisará a presentación de garantías para aqueles proxectos e accións subvencionadas en que os solicitantes pertencen ou se trate de entidades de dereito público, universidades públicas, organismos públicos de I+D pertencentes ás administracións públicas, e centros tecnolóxicos, conforme o previsto no artigo 48.2º da Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2010.

Artigo 18º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se for o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no título V do regulamento que desenvolve a citada lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19º.-Control.

1. A Consellería de Economía e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 20º.-Publicidade.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalida-

de da subvención. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web

<http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>

Artigo 21º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases observarase o previsto no marco comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2006/C 323/01), na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no regulamento que desenvolve a citada lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no resto de normativa que resulte de aplicación.

Disposición adicional

Única.-*Tramitación.*

A revisión dos expedientes desta orde de convocatoria poderá ser realizada pola *Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia*, de acordo co establecido na encomenda de xestión para o ano 2010 realizada pola Consellería de Economía e Industria á dita entidade, por resolución do 31 de decembro de 2009, que quedará sometida a todos os requisitos recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007 para obter a condición de entidade colaboradora, asumindo as obrigas previstas no artigo 12 do mesmo texto legal.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para que leve a cabo as actuacións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a elaboración de propostas ao VII Programa marco

Artigo 1º.-*Obxecto das subvencións.*

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto aumentar a competitividade dos equipos de investigación do sistema público de investigación de Galicia, promovendo accións que faciliten a presenza dos investigadores e investigadoras no VII Programa marco. Con tal fin convócanse, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o

financiamento de propostas que se presenten durante o ano 2010, dirixidas ás convocatorias do VII Programa marco da Unión Europea, orientadas a satisfacer gastos ocasionados pola súa elaboración. Non serán obxecto destas subvencións aquelas propostas que xa fosen financiadas pola Consellería de Economía e Industria en convocatorias anteriores aínda que non foran aceptadas polo VII PM.

Artigo 2º.-*Contías máximas e modalidade de axudas.*

1. As contías máximas para as axudas convocadas no presente anexo son as seguintes:

- a) 12.000 euros no caso de que o solicitante lidere a proposta.
- b) 6.000 euros no caso de que o solicitante sexa socio.

O seu libramento realizarase nun pagamento único.

2. As solicitudes deberán referirse a algúns dos seguintes conceptos:

2.1. Contratación temporal de persoal específico con dedicación exclusiva á preparación da proposta de proxecto.

2.2. Mobilidade dos membros do equipo de investigación e outros gastos asociados á constitución do consorcio (de ser o caso).

2.3. Asesoramento de expertos externos.

Non se considerarán custos subvencionables os derivados de:

-Persoal estable vinculado estatutaria ou contractualmente coa entidade solicitante.

-Gastos de carácter administrativo.

-Gastos de adquisición de material mobiliario, científico e informático, así como o correspondente a material funxible.

-Gastos considerados indirectos no Programa marco.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as universidades públicas do sistema universitario e os centros, entes e organismos públicos de investigación pertencentes ás administracións públicas, a través dos/as investigadores/as do sistema público de investigación de Galicia que presenten propostas de proxectos nas convocatorias do VII Programa marco abertas ao longo do ano 2010.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. A solicitude presentada polo investigador que presenta a proposta ao VII Programa marco deberá contar co visto e prace do representante legal do organismo de investigación a que pertence. Esta sinatura supón o compromiso de verificación dos datos que se presentan na devandita solicitude.

2. Os formularios de solicitude deberanse obter e cubrir necesariamente a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet:

<http://www.xunta.es/cumprimentacion-electronica-de-solicitudes> ou <http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>.

3. O formulario da solicitude, que se obterá da aplicación informática sinalada no número anterior, consta dos seguintes documentos:

- a) Impreso de solicitude.
- b) Memoria-resumo da proposta.
- c) Memoria do orzamento proposto.
- d) Indicadores de experiencia científica previa.

4. O solicitante deberá aceptar o formulario de solicitude na aplicación informática antes das 24 horas do día anterior ao de finalización de prazo de presentación de solicitudes. Unha vez aceptado o impreso, sen engadir novos datos e sen realizar emendas ou riscaduras no seu formato orixinal, deberase presentar, debidamente asinado polo solicitante e acompañado da seguinte documentación:

a) As declaracións indicadas no artigo 2.3º das bases xerais.

b) Copia íntegra da solicitude presentada no VII PM, oportunamente rexistrada pola administración competente. Se no momento de realizar a solicitude a proposta non está formalizada, deberase proceder da seguinte forma:

-Cubrir no formulario normalizado da solicitude o espazo reservado á explicación da proposta que inclúa polo menos os obxectivos, o plan de traballo, o perfil dos participantes do consorcio europeo e a xustificación do proxecto.

-Compromiso escrito de que se remitirá á Dirección Xeral de I+D+i a solicitude ao VII PM no momento en que se formalice.

c) Nas solicitudes de axudas que procedan de persoal pertencente a centros sanitarios que xestionen as súas actividades de investigación a través de fundacións de interese galego (Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego), o Servizo Galego de Saúde deberá dar o seu visto e prace á solicitude e autorizar á correspondente fundación sanitaria de interese galego para que xestione a subvención. Pola súa banda, o representante legal da fundación deberá asinar a aceptación da devandita xestión.

Artigo 5º.-*Criterios de valoración.*

A comisión para a selección dos beneficiarios e a selección das axudas terá en conta os seguintes criterios:

a) A experiencia científica previa para a realización das actividades programadas (máximo 35 puntos).

b) O interese estratéxico e relevancia científico-técnica da proposta para Galicia (máximo 35 puntos).

c) O papel desempeñado polo equipo dentro do consorcio (máximo 15 puntos).

d) A adecuación dos recursos financeiros solicitados aos obxectivos propostos (máximo 14 puntos).

e) De conformidade co establecido no artigo 20.2º I da Lei 9/ 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda (1 punto.)

Artigo 6º.-*Xustificación da subvención.*

1. Para o pago desta axuda será precisa a previa xustificación da presentación da proposta na correspondente convocatoria do VII Programa marco, así como a presentación por parte do organismo competente da certificación de realización dos gastos e pagamentos, na que se faga constar o concepto subvencionable e o importe de cada un deles, correspondentes á axuda outorgada. A presentación desta certificación deberá ser efectuada en calquera caso antes do 15 de outubro de 2010, agás no caso das propostas para convocatorias do VII PM presentadas con posterioridade a esta data, caso en que se permitirá a presentación da xustificación sempre que teña entrada no rexistro da Dirección Xeral de I+D+i ata o 15 de decembro de 2010.

2. No caso das axudas correspondentes a centros sanitarios que xestionen as súas actividades de investigación a través de fundacións de interese galego (Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego), os gastos deberán acreditarse mediante facturas, acompañadas dos correspondentes xustificantes de pagamento, e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos mesmos prazos sinalados no parágrafo anterior.

3. Se no momento da solicitude da subvención regulada neste anexo aínda non se tivese formalizado a presentación da proposta na convocatoria do VII PM, o beneficiario deberá presentar copia da documentación acreditativa da súa presentación no momento en que esta se realice.

4. Transcorridos os prazos indicados no punto anterior sen que o beneficiario presente a documentación exixida, requirirase o beneficiario para que a achegue no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación no prazo establecido neste parágrafo, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste número non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Artigo 7º.-*Seguimento.*

No prazo máximo de 3 meses, contado a partir do remate da axuda, o beneficiario deberá presentar un

informe en que se fará constar se a proposta presentada ao VII Programa marco foi aceptada e, de ser o caso, financiada.

Artigo 8º.-Difusión de resultados.

Os traballos e os resultados obtidos serán propiedade dos seus autores que, no momento da súa publicación, deberán facer constar a referencia específica da axuda recibida e remitirán á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación un exemplar das correspondentes publicacións.

ANEXO II

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para proxectos de investigación básica

Artigo 1º.-Obxecto das subvencións.

As axudas reguladas por estas bases teñen por obxecto promover, en réxime de concorrencia competitiva, o desenvolvemento de proxectos de investigación que procuren a excelencia na xeración do coñecemento. Préstaselle especial atención ao desenvolvemento de novas liñas en ámbitos de produción científica no sistema público de I+D+i. A orde prevé dúas modalidades:

a) Proxectos de investigación: axudas para a realización de proxectos de investigación en calquera campo do saber, que supoñan un avance no coñecemento científico. En prol de establecer un marco de competencia equilibrado, cando o proxecto sexa liderado por un investigador mozo, entendendo como tal aquel que ten unha antigüidade máxima de 6 anos como doutor, esta condición será tida en conta especificamente na avaliación da experiencia científico-técnica.

b) Proxectos en colaboración: axudas para a realización de proxectos que requiren para o seu correcto desenvolvemento a colaboración de dous ou máis equipos de investigación. Deberá xustificarse axeitadamente a necesidade desta colaboración para abordar os obxectivos propostos, así como os beneficios esperados dela.

Artigo 2º.-Contía máxima e modalidade de axudas.

1. A contía máxima da axuda concedida por proxecto (ou subproxecto, de ser o caso) será de 120.000 euros.

2. Estas subvencións concédense para a realización de proxectos que se inicien no ano da convocatoria e que rematen como máximo no ano 2013; a súa duración computarase desde a data de presentación da solicitude ata a data de xustificación da derradeira anualidade.

3. En xeral, as axudas solicitadas deberán referirse a algún dos conceptos seguintes:

a) Persoal contratado especificamente para colaborar con dedicación total ou parcial nas actividades de investigación do proxecto. A contratación realízase conforme os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, de acordo coa normativa xeral vixente e coas normas específicas ás que en materia de contratación estea sometido o beneficiario.

O importe mínimo de referencia para a contratación, a tempo completo, será de 21.000 euros por persoa e ano no caso de titulados superiores, e de 18.000 euros no caso de titulados medios ou FP.

Excepcional e unicamente para o caso de títulos obtidos no estranxeiro que estean en proceso de homologación polo Ministerio de Educación e Ciencia, admitirase, durante un período máximo de dous anos, a substitución do contrato por unha bolsa, por un importe mínimo de 16.000 euros anuais.

b) Equipamento científico-técnico e material bibliográfico indispensable para a realización do proxecto, debidamente xustificado. O equipamento científico-técnico e bibliográfico adquirido con cargo a estas axudas será propiedade do organismo a que pertence o/a investigador/a principal do proxecto.

Ao material inventariable seralle de aplicación o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, fixándose para estes efectos o período de afección dos bens, respectivamente, en cinco anos para os bens inscristibles nun rexistro público, e dous anos para os restantes bens.

c) Material funxible debidamente xustificado.

d) Axudas de custo por desprazamento para actividades que se precisen no desenvolvemento do proxecto.

e) Outros gastos (especificaranse no modelo de solicitude).

f) Custos indirectos ou gastos xerais: imputarase por este concepto como máximo un 15% dos custos xerais que de xeito razoado se poidan imputar ao proxecto. Deberán ser xustificadas e acreditadas e ter relación directa co proxecto.

g) No caso dos proxectos liderados por un investigador mozo, inclúese entre os conceptos subvencionables axudas para a realización de estadías de investigación necesarias para acadar de forma óptima os obxectivos do proxecto, sempre que a contía non exceda o 10% da cantidade solicitada.

En ningún caso se permitirá a subcontratación, entendida esta nos termos en que aparece definida no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as universidades públicas e os centros, entes e organismos públicos de investigación pertencentes ás administracións públicas, a través dos equipos de investigación do sistema público de investigación de Galicia.

Para optar a estas subvencións será requisito necesario, entre outros que se recollen máis adiante, que os membros dos equipos que van realizar ou dirixir o proxecto non participen ou dirixan un proxecto vixente subvencionado con cargo ao programa de promoción xeral de investigación en convocatorias anteriores.

Así mesmo, ningún integrante dun equipo de investigación poderá figurar en máis dunha solicitude de proxecto do programa de promoción xeral da investigación correspondente á presente convocatoria.

Tampouco se permitirá a presentación, no exercicio correspondente, dun mesmo proxecto de investigación nas convocatorias do programa de promoción xeral da investigación (investigación básica) e en calquera dos programas sectoriais de investigación aplicada. A inobservancia desta limitación dará lugar á exclusión da última solicitude formulada, atendendo á súa data de presentación nun rexistro válido.

2. Para os efectos destas axudas, enténdese por equipo de investigación o conxunto de investigadores que baixo a dirección dun deles desenvolven un proxecto de investigación concreto. Os membros do equipo deben pertencer ao mesmo organismo, coa excepción dos membros considerados nas alíneas 3 c) e d) do punto seguinte.

3. O equipo de investigación constituirase co seguinte tipo de membros:

a) Persoal investigador estable:

-Persoal investigador doutor con vinculación estatutaria ou contractual estable co organismo público. Considéranse dentro desta categoría o PDI universitario contratado nas figuras da LOU que requiren o título de doutor, o persoal investigador contratado ao abeiro dos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal, ou asimilables, así como o persoal investigador contratado ao abeiro do programa Ángeles Alvariño.

-Persoal investigador non doutor con vinculación estatutaria ou contractual estable co organismo público, ou mantida polo menos durante a vixencia do proxecto.

b) Persoal investigador en formación: persoal con vinculación ao organismo en figuras específicas de formación investigadora, nomeadamente axudantes, persoal contratado en formación do programa María Barbeito ou asimilables, bolseiros predoutorais de convocatorias públicas.

c) Investigadores asociados: persoal investigador doutor vinculado a outro organismo de investigación que se considera relevante para o correcto desenvolvemento do proxecto. Inclúese nesta categoría o persoal docente doutor dos centros de ensino non universitario.

d) Persoal de apoio: persoal técnico ou calquera outro persoal contratado para a realización de tarefas de apoio á investigación no desenvolvemento de proxectos concretos de investigación, e persoal sen

vinculación a un organismo de investigación, así como o persoal contratado ao abeiro dos programas Isabel Barreto e Lucas Labrada.

4. O/a investigador/a principal que exerce a dirección do proxecto deberá ser doutor, pertencer a algunha das categorías incluídas na alínea a) do punto 3 anterior e ter dedicación completa ao correspondente organismo, agás nos centros sanitarios, que poderá ter dedicación a tempo parcial.

5. Existen limitacións na participación en proxectos de investigación que, con cargo ás distintas convocatorias de subvencións para a realización de proxectos da Dirección Xeral de I+D+i, pode ter vixentes calquera investigador. Estas limitacións son:

a) Con dedicación compartida, un investigador pode ter vixentes dous proxectos, no caso de doutores con dedicación a tempo completo ao organismo.

b) Nos demais casos, só poderá participar nun único proxecto.

c) Só se pode ser investigador principal nun único proxecto.

d) No caso de solicitude de axuda para a realización dun proxecto en que o investigador principal sexa un investigador novo, deberá ter dedicación única ao proxecto.

6. A inobservancia por parte dalgún membro do equipo de investigación dos límites establecidos no parágrafo anterior suporá a súa exclusión do equipo. Se lle afecta ao investigador principal, será motivo de non admisión a trámite da solicitude. No caso dos proxectos en colaboración, cando afecte o investigador principal de calquera dos equipos participantes, será motivo de non admisión a trámite da solicitude do proxecto en colaboración no seu conxunto.

7. Todos os proxectos de investigación vixentes financiados a cargo de calquera dos programas do Plan Galego computan para efectos dos límites establecidos no número 5 anterior. Exclúense do cómputo:

-Todos os proxectos internacionais.

-Todos os proxectos do Plan Nacional.

-Os proxectos do Plan Galego de I+D+i que rematen no mesmo ano en que se solicita a axuda.

8. Nas axudas para proxectos en colaboración deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Cando os equipos de investigación participantes no proxecto en colaboración estean vinculados ao mesmo organismo, e co obxecto de fomentar a multidisciplinidade, deberán encadrarse en áreas de coñecemento distintas e distintos departamentos; as áreas que se consideran son as seguintes: humanidades, ciencias xurídicas e sociais, ciencias experimentais, ensinanzas técnicas e ciencias da saúde; para estes efectos terase en conta a área de coñece-

mento á que pertenza o investigador principal de cada equipo.

b) Cando os equipos de investigación estean vinculados a organismos distintos, e co obxecto de fomentar a colaboración entre estes, non se exixirá o requisito de pertenza a distintas áreas de coñecemento.

c) Cada un dos equipos que participen no proxecto contará cun investigador principal, responsable do desenvolvemento das actividades asignadas ao equipo. Ademais, un deles, que terá a condición de líder, actuará como coordinador do proxecto, e será responsable do seguimento e coordinación deste.

9. No caso de que o IP sexa persoal contratado ao abeiro dos programas Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal, Ángeles Alvariño ou equivalentes, se o seu contrato remata antes da terminación do proxecto para o que se solicita a axuda, coa conseguinte perda de vinculación co organismo, deberá figurar na solicitude outro investigador que cumpra os requisitos necesarios, para que, unha vez substituído o investigador cesante, non se vexa alterada de forma significativa a estrutura e capacidade científico-técnica.

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. As solicitudes serán presentadas polo investigador principal e deberán contar co visto e prace do representante legal do organismo correspondente. Esta sinatura supón o compromiso de verificación dos datos que se presentan na solicitude.

2. No caso de proxectos en colaboración, o coordinador farase responsable da presentación do proxecto completo perante a Administración.

3. Os formularios de solicitude deberán obter e cubrir necesariamente a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet:

<http://www.xunta.es/cumprimentacion-electronica-de-solicitudes> ou <http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>

4. Poderanse cubrir e obter os formularios ata as 24 horas do día anterior á data do remate do prazo de presentación de solicitudes.

5. Ademais das declaracións requiridas no artigo 2.3º das bases xerais, a solicitude constará dos seguintes documentos:

a) Formulario normalizado de solicitude obtido a través da aplicación informática sinalada no número 4.3. O solicitante deberá aceptar o formulario de solicitude na aplicación informática antes das 24 horas do día anterior ao de finalización de prazo de presentación de solicitudes. Unha vez impreso e sen engadir novos datos e sen realizar emendas ou riscaduras no seu formato orixinal, deberá presentarse debidamente asinado polo investigador principal do proxecto. Este formulario consta dos seguintes documentos:

1. Impreso de solicitude.

2. Documento I-A relativo á composición do equipo de investigación.

3. Documento I-B relativo á memoria científico-técnica da proposta e ao orzamento solicitado. No caso de proxectos en colaboración, o coordinador deberá cubrir o formulario completo da solicitude, no que constarán os equipos de investigación participantes, responsabilizándose da memoria científico-técnica do proxecto que unicamente figurará nesta solicitude. Na memoria económica do proxecto, ademais do seu orzamento global, deberá especificar a parte correspondente á súa participación. Igualmente, na dita solicitude deben incorporarse unicamente os currículos do equipo de investigación liderado por el.

Pola súa parte, o investigador principal de cada equipo participante deberá cubrir o formulario de solicitude correspondente, agás a epígrafe relativa á memoria científico-técnica.

b) Os currículos de todos os membros do equipo investigador que se deberán engadir na propia aplicación informática de xeración de solicitudes, como documentos de texto en formato word ou PDF, utilizando o formato normalizado da Dirección Xeral de I+D+i, que se poderá obter na propia aplicación. No caso de non seren engadidos na aplicación informática, serán obtidos pola Dirección Xeral de I+D+i do Rexistro de Investigadores de Galicia (RIGA). Non serán tidos en conta os currículos presentados en papel.

c) Nas solicitudes de axudas que procedan de persoal pertencente a centros sanitarios que xestionen as súas actividades de investigación a través de fundacións de interese galego (Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego), o Servizo Galego de Saúde deberá dar o seu visto e prace á solicitude e autorizar a correspondente fundación sanitaria de interese galego para que xestione a subvención. Pola súa banda, o representante legal da fundación deberá asinar a aceptación da devandita xestión.

d) Ademais das declaracións indicadas no artigo 2.3º das bases xerais desta convocatoria, autorización emitida polo Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia, ou acreditación de ter presentado a súa solicitude nos supostos recollidos na Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica (BOE nº 159, do 4 de xullo).

e) Os solicitantes de proxectos que inclúan experimentación con animais, deberán achegar autorización expresa emitida polo comité de ética do centro en que se vaia realizar a investigación, ou, no caso de non existir este, declaración de compromiso do cumprimento do establecido na lexislación sobre experimentación con animais en investigación que resulte de aplicación.

f) No suposto de que os proxectos de investigación inclúan actuacións que se teñan que levar a cabo en centros de ensino dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, deberase

achegar coa solicitude informe favorable emitido pola dita consellería.

Artigo 5º.-*Avaliación e selección das solicitudes. Criterios de valoración.*

1. O proceso de selección dos proxectos realizárase sobre unha valoración total de 100 puntos, e constará de dúas fases:

1ª. Avaliación externa científico-técnica realizada por avaliadores externos sobre unha valoración máxima de 85 puntos. A obtención nesta primeira fase dunha valoración media inferior a 30 puntos será causa de exclusión do proceso de selección.

2ª. Avaliación interna levada a cabo pola comisión de selección sobre unha valoración máxima de 15 puntos.

Os expertos externos encargados de realizar a avaliación científico-técnica serán propostos polo/a xestor/a do programa xeral de investigación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. De cada proxecto faranse dúas avaliacións, por parte de avaliadores distintos, e, no caso de discrepancia significativa entre estas dúas avaliacións, será feita unha terceira por outro avaliador. O xestor ou xestores do programa, tendo en conta os informes de avaliación, realizará un informe sobre a idoneidade das solicitudes presentadas.

1. Na valoración externa teranse en conta os seguintes criterios (máximo 85 puntos):

a) Calidade científico-técnica do proxecto (máximo 30 puntos): relevancia e novidade científica dos obxectivos en relación ao estado de coñecemento da área; viabilidade das hipóteses, adecuación da metodoloxía e técnicas instrumentais.

b) Viabilidade do proxecto (máximo 15 puntos): deseño e plan de traballo da investigación; adecuación dos recursos humanos e materiais ao plan de traballo. No caso de proxectos en colaboración, complementariedade dos equipos de investigación e beneficios da colaboración.

c) Capacidade científico-técnica do equipo de investigación para a realización do proxecto e contribucións recentes relacionadas coa área temática do proxecto (máximo 30 puntos). Na avaliación da capacidade investigadora do investigador principal cando se trate dun investigador mozo, os avaliadores deberán puntuar esta epígrafe en coherencia coa traxectoria científica exixible a un investigador destas características.

d) Adecuación dos recursos financeiros previstos aos obxectivos propostos e participación doutros organismos como axentes financiadores (máximo 10 puntos).

3. Na valoración interna teranse en conta os seguintes criterios (máximo 15 puntos):

a) Composición e dedicación do equipo (máximo 14 puntos). Valoráranse positivamente os seguintes aspectos:

-A dedicación exclusiva ao proxecto.

-A participación de doutores.

-O compromiso na formación de novos investigadores.

-A participación de investigadoras no equipo, principalmente na planificación, coordinación e dirección da investigación.

-O grao de multidisciplinabilidade do equipo.

b) De conformidade co establecido no artigo 20.2º.1 da Lei 9/ 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda (1 punto).

A comisión considerará financiábeis as solicitudes que obteñan unha puntuación total igual ou superior á puntuación media de todas as admitidas, sen ter en conta aquelas que foron excluídas por non obter, na valoración científico-técnica, a puntuación mínima establecida no artigo 5º.1 deste anexo II.

Proporase a concesión das solicitudes por orde decrecente ata esgotar os créditos dispoñibles quedando, de ser o caso, como suplentes aquelas para as que non se dispón de crédito suficiente pero que obtiveron unha puntuación total superior á puntuación media indicada no parágrafo anterior.

Artigo 6º.-*Xustificación da subvención.*

1. A xustificación económica e do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención documentarase en forma de conta anual xustificativa do gasto realizado. Anualmente, tamén, os beneficiarios deberán presentar informe de actividades e resultados, de acordo coas previsións do artigo 6.5 deste anexo II.

2. O rendemento da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario en que se deben incluír os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. A conta deberá incluír declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, co detalle de cada un dos gastos incorridos. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

3. Nas subvencións concedidas a outras administracións públicas ou entidades vinculadas ou dependentes daquelas e ás universidades, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

4. Prazos de xustificación.

Os prazos para a presentación da xustificación serán os que se indican no cadro seguinte:

Todas as anualidades agás a derradeira	15 de decembro (certificación de gastos e pagamentos)
Derradeira anualidade	30 de setembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate (certificación de gastos e pagamentos)

Períodos de emisión de facturas (realización de gastos) e realización de pagamentos dos gastos executados:

Primeira anualidade	Desde a data de presentación da solicitude ata o 15 de decembro de 2010
Restantes anualidades (agás a derradeira)	Desde o 16 de decembro do ano anterior ata o 15 de decembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate
Derradeira anualidade	Desde o 16 de decembro do ano anterior ata o 30 de setembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate

5. Documentación:

A) Documentación que debe presentar o organismo beneficiario:

-Facturas acreditativas da realización do gasto acompañadas dos seus correspondentes xustificantes de pagamento ou, de ser o caso, certificación de gastos e pagamentos.

B) Documentación que debe presentar o investigador principal do proxecto:

-Declaración complementaria relativa ao conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes;

-Informe de seguimento anual, en que se detallarán os avances e o grao de cumprimento dos obxectivos, así como a xustificación económica correspondente. O informe debe contar co visto e prace do representante legal da entidade beneficiaria;

-No caso de xustificar a derradeira anualidade, no prazo máximo de 3 meses contados desde a data de finalización do proxecto, informe final do proxecto en que se recolla a descrición dos logros e cumprimento dos obxectivos.

Os informes de seguimento anuais e final deberán presentarse nos formatos normalizados da DXIDI acompañados dunha copia en formato PDF en soporte CD.

Para realizar a xustificación, tanto o organismo beneficiario como o investigador principal deberán utilizar os modelos publicados na web da Consellería de Economía e Industria:

<http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>

Artigo 7º.-Seguimento.

O seguimento científico-técnico e económico dos proxectos financiados corresponde á Dirección Xeral de I+D+i, que realizará as citadas actuacións

coa colaboración dos expertos e órganos que considere oportunos e solicitará dos beneficiarios, ademais do informe exixido no artigo 6º.5 deste anexo, a información e documentación que considere necesaria para efectuar tal seguimento e control.

Se da análise do desenvolvemento do proxecto, en calquera das súas fases, se constata unha incorrecta utilización dos fondos ou un desvío dos obxectivos, o xestor do programa poderá propor a suspensión da axuda.

Artigo 8º.-Pagamento das axudas.

1. Nesta convocatoria prevese o pagamento anticipado dos fondos para facilitar a xestión das axudas concedidas, debido a que os proxectos de investigación presentan, para o seu desenvolvemento, características moi diversas que dependen en moitos casos de factores externos, estacionais, etc., que inciden nas previsións da súa execución, e polo tanto nas cifras que executarán en cada anualidade.

2. As axudas teñen carácter plurianual e como regra xeral aboaranse en cada unha das anualidades con carácter de anticipo, que serán concedidos mediante resolución motivada; exceptúase do pagamento anticipado a última anualidade, que se aboará unha vez xustificada a totalidade do proxecto.

A suma dos importes anticipados e dos pagamentos parciais, no caso de que estes se producisen non poderá superar no seu conxunto o importe do 80% da subvención concedida.

O libramento das axudas efectuarase conforme o seguinte plan de pagamentos:

a) Proxectos plurianuais.

Primeira anualidade: anticiparse o 100% do importe da subvención concedida para a primeira anualidade, no momento da resolución de concesión da axuda, unha vez presentada a súa aceptación.

Anualidades seguintes: anticiparse o 100% da correspondente anualidade, unha vez presentada a correcta xustificación da anualidade anterior. No caso de que esta xustificación da anualidade fose insuficiente e dese lugar a unha minoración da subvención, o importe que proceda minorar detraerase da anualidade que se pretenda anticipar.

Derradeira anualidade: non se realizarán anticipos; o importe concedido aboarase unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución total do proxecto. No caso de que a xustificación da anualidade anterior fose insuficiente e dese lugar a unha minoración da subvención, o importe minorado detraerase da cantidade concedida para esta anualidade.

No caso de que o importe aprobado para a derradeira anualidade resultase insuficiente para cubrir esta diferenza, requirirase o organismo beneficiario para que proceda á devolución dos fondos non utilizados. A falta de devolución nos prazos requiridos

dará lugar á incoación do expediente de reintegro nos termos establecidos no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e mais no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

b) Proxectos dunha única anualidade: anticiparase o 80% do importe da subvención concedida, no momento da resolución de concesión, unha vez presentada a súa aceptación; o 20% restante aboaráse unha vez xustificadas os gastos realmente efectuados, de acordo co establecido nesta orde de convocatoria.

No caso de que a xustificación fose insuficiente e dese lugar a unha minoración da subvención requirirase a entidade beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos non utilizados. A falta de devolución nos prazos requiridos dará lugar á incoación do expediente de reintegro nos termos establecidos no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e máis no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

Artigo 9º.-*Difusión de resultados.*

Os traballos e os resultados obtidos serán propiedade dos seus autores que, no momento da súa publicación, deberán facer constar a referencia específica da axuda recibida e remitirán á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación un exemplar das correspondentes publicacións.

Artigo 10º.-*Modificacións nas condicións de resolución.*

1. Todos os cambios deberán ser solicitados diante da Dirección Xeral de I+D+i antes de que finalice o período de execución do proxecto e non poderán realizarse antes de que esta os aprrobe e notifique.

2. Os cambios que afecten a composición do gasto aprobado poderán denegarse se se considera que estes van afectar os obxectivos do proxecto e da axuda aprobada.

3. Polo que atinxe aos cambios na composición do equipo investigador:

-As altas de investigadores no equipo deberán solicitarse mediante escrito asinado polo investigador principal e polo investigador afectado.

-Os/as investigadores/as que conforman o equipo de investigación están obrigados a manterse no equipo ata a finalización do proxecto.

As baixas ou reducións de dedicación só serán autorizadas excepcionalmente, de xeito xustificando e sempre que non afecten os obxectivos e a execución do proxecto. A solicitude deberá presentarse mediante escrito asinado polo IP e polo investigador afectado e acompañarase dun informe no cal se expoñan as alternativas para que o equipo poida

levar a cabo o proxecto e acadar os obxectivos preestablecidos.

Artigo 11º.-*Criterios de graduación dos incumprimentos e reintegro.*

1. O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento ou da obriga de xustificación, dará lugar ao reintegro da totalidade da axuda percibida, nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento ou da obriga de xustificación, dará lugar ao reintegro parcial da axuda na porcentaxe correspondente ao investimento non realizado ou non xustificado.

3. A falta de presentación nos prazos previstos na convocatoria dos documentos xustificativos do investimento dará lugar, unha vez esgotados os prazos tras o requirimento do órgano instrutor, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

4. A realización de investimentos ou modificacións non autorizados no orzamento financiable dará lugar á devolución das cantidades non autorizadas.

ANEXO III

Axudas para organización de congresos e reunións científicas por parte de persoal investigador non vinculado ao SUG

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. Esta liña de actuación ten como finalidade axudar os órganos individuais ou colectivos dos centros públicos de investigación a sufragaren os gastos de organización de congresos e reunións de carácter científico e tecnolóxico, que se celebren en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2010, e contribúan a difundir os avances do coñecemento científico e da investigación. Non se recolle nesta convocatoria a subvención de actividades deste tipo organizadas por órganos individuais ou colectivos do SUG.

2. Para os efectos desta convocatoria, enténdese por congreso o que ten estrutura de sesións con relatorios e comunicacións, sendo necesariamente estas últimas seleccionadas nun proceso aberto. Enténdese que é unha reunión científica se o evento conta unicamente con relatores convidados polos organizadores e non está aberta á presentación de traballos de investigación se non é por esta vía.

3. Establécense tres modalidades de eventos:

a) Modalidade A: inclúense aqueles congresos avalados por unha sociedade científica internacional ou nacional, con carácter periódico e sede rotatoria e con presenza significativa de relatores e/ou conferenciantes de centros de investigación estranxeiros.

b) Modalidade B: inclúe todos os outros congresos non avalados por sociedades científicas e non cubertos pola modalidade A.

c) Modalidade C: inclúe as reunións científicas con relatores alleos aos centros de investigación radicados en Galicia.

4. Consideraranse como gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de difusión dos programas de reunión.

b) Custos de participación dos relatores e conferenciantes.

c) Edición das actas.

Quedan explicitamente excluídos os gastos sociais (comidas dos asistentes, actos lúdicos, axudas de custos e gastos protocolarios).

5. Esta subvención só terá unha única anualidade, e admitiranse os gastos asociados á organización de congresos celebrados entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2010.

Artigo 2º.-*Contía das subvencións.*

As subvencións en ningún caso excederán, segundo o seu carácter, as cantidades que a seguir se indican:

Modalidade A: 6.000 euros.

Modalidade B: 2.500 euros.

Modalidade C: 1.250 euros.

Artigo 3º.-*Beneficiarios das subvencións.*

As subvencións serán solicitadas polo responsable do comité organizador do evento específico para a cal se fai a solicitude, e terá que ser necesariamente un órgano individual ou colectivo dun centro público de investigación radicado en Galicia. Non terán condición de beneficiarios os órganos individuais ou colectivos vinculados ao SUG e aos centros de investigación dependentes da Xunta de Galicia.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión destas subvencións presentaranse na forma e prazo que se indica nos artigos 2 e 3 das bases xerais, tendo en conta o seguinte:

-O modelo oficial de solicitude desta subvención é o denominado PXI-03.

-Presentarase un único exemplar desta solicitude.

-As solicitudes presentaranse a través do organismo que posúa personalidade xurídica propia, co visto e prace do seu representante legal.

2. Xunto coa solicitude, debe achegarse a seguinte documentación:

a) Certificación do organismo público ou centro de investigación en que conste expresamente a autorización de organización da actividade científica.

b) No caso de que o congreso corresponda á modalidade A das previstas no punto 1, documento en que conste a encarga da organización do congreso por parte dunha sociedade científica, así como información relativa aos dous congresos anteriores (sedes, datas de celebración, etc.).

c) Memoria científica do evento e orzamento detallado de ingresos e gastos, segundo o modelo oficial, en que conste a contía da inscrición e unha breve nota curricular dos relatores.

d) Programa provisorio en que conste a relación prevista de relatores e conferenciantes convidados, e as actividades que se van realizar.

e) Declaración escrita do solicitante en que conste o compromiso de que no programa definitivo do congreso ou reunión científica, nas actas deste, pósters, etc. figure a colaboración da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (inclúese dentro dos formularios de solicitude). Quedan eximidos desta obriga os congresos que teñan lugar antes da resolución da convocatoria.

f) A composición do comité científico.

g) Boletín de inscrición.

h) Circular/es do congreso ou reunión científica.

i) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo evento das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (inclúese dentro dos formularios de solicitude).

j) Nas solicitudes de axudas que procedan de persoal pertencente a centros sanitarios que xestionen as súas actividades de investigación a través de fundacións de interese galego (Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego), o Servizo Galego de Saúde deberá dar o seu visto e prace á solicitude e autorizar a correspondente fundación sanitaria de interese galego para que xestione a subvención. Pola súa banda, o representante legal da fundación deberá asinar a aceptación da devandita xestión.

Artigo 5º.-*Criterios de valoración.*

As solicitudes valoraranse atendendo aos seguintes criterios:

a) Para as modalidades A e B:

-Carácter internacional do congreso avalada pola presenza significativa de relatores de recoñecida calidade científica no seu ámbito procedentes de centros de investigación radicados no estranxeiro (máximo 40 puntos).

-Dimensión do congreso e grao de apertura deste: volume de comunicacións orais, e en panel, número de participantes e/ou inscritos (máximo 40 puntos).

-Adecuación do orzamento total do congreso e dispoñibilidade doutras fontes de financiamento (máximo 19 puntos).

-De conformidade co establecido no artigo 20.2.1 da Lei 9/ 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda (1 punto).

b) Para a modalidade C.

-Presenza de relatores con recoñecida calidade científica no seu ámbito (máximo 40 puntos).

-Interese e relevancia científica do seminario (máximo 40 puntos).

-Adecuación do orzamento total do congreso e dispoñibilidade doutras fontes de financiamento (máximo 19 puntos).

-De conformidade co establecido no artigo 20.2.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda (1 punto).

Artigo 6º.-*Xustificación da subvención.*

1. As subvencións faranse efectivas aos beneficiarios mediante libramento ao organismo con personalidade xurídica propia.

2. Para proceder ao pagamento, o beneficiario deberá ter presentado o programa definitivo do evento científico. Así mesmo deberá presentarse:

-No caso doutras administracións públicas ou entidades vinculadas ou dependentes daquelas e no caso das universidades será precisa a presentación, por parte do organismo competente, da certificación de realización dos gastos e pagamentos, en que se fagan constar os conceptos subvencionables e o importe de cada un deles, correspondentes á axuda outorgada. A presentación desta certificación deberá ser efectuada en calquera caso na data límite do 15 de outubro de 2010, agás no caso das axudas concedidas para organización de congresos e reunións científicas realizados con posterioridade a esta data, en que a xustificación poderá ter entrada no rexistro da Dirección Xeral de I+D+i ata o 15 de decembro de 2010.

-No caso das axudas correspondentes a centros sanitarios que xestionen as súas actividades de investigación a través de fundacións de interese galego (Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego), os gastos deberán acreditarse mediante facturas, acompañadas dos correspondentes xustificantes de pagamento, e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos mesmos prazos sinalados no parágrafo anterior.

As xustificacións deberán realizarse de acordo cos modelos que se publicarán na páxina web da Consellería de Economía e Industria:

<http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>

Será condición necesaria para o pagamento da axuda que no programa definitivo e na documentación que se publique conste o carácter público do financiamento por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, agás que se trate de actividades que teñan lugar antes da resolución das axudas.

Así mesmo, antes do pagamento, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

ANEXO IV

Axudas para asistencia a congresos e reunións científicas por parte de persoal investigador non vinculado ao SUG

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. Estas axudas teñen a finalidade de favorecer a participación do persoal investigador dos centros de investigación radicados en Galicia en reunións de carácter científico co fin de fomentar o intercambio de coñecementos e a colaboración entre grupos de investigación.

2. En ningún caso se financiarán actividades que se realizen con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano da convocatoria ou que se vaian realizar con posterioridade ao 15 de decembro do mesmo ano, tomando, para estes efectos, como referencia a data de comezo do congreso, simposio ou seminario. Excepcionalmente, se a actividade se realiza entre o 15 e o 30 de decembro, poderase financiar o custo de inscrición se esta se realiza con anterioridade ao 15 de decembro.

Non se financiarán actividades que se leven a cabo dentro do territorio galego.

Artigo 2º.-*Contía das subvencións.*

O importe máximo das axudas concedidas será o seguinte:

-400 euros para congresos e reunións en territorio nacional e Portugal.

-650 euros para congresos e reunións noutros países europeos.

-1.100 euros para congresos e reunións que se realicen noutros países.

Artigo 3º.-*Beneficiarios das subvencións.*

1. Un mesmo investigador só poderá solicitar unha axuda das recollidas neste anexo.

2. No caso de axudas para asistencia a congresos, simposios e seminarios:

a) As axudas poderán ser solicitadas polos/as investigadores/as do cadro de persoal, outro persoal investigador contratado e bolseiros ou contratados predoutorais e asimilados que desenvolvan a súa

actividade en centros públicos de investigación radicados en Galicia. Non terá a condición de beneficiario o persoal investigador con vinculación co SUG, nin o que desenvolva a súa actividade en centros dependentes do SUG.

b) Para ser beneficiario, o investigador deberá participar no evento científico presentando resultados do seu traballo de investigación en calquera dos formatos aceptados neste tipo de eventos.

c) Só se concederá unha única bolsa por traballo presentado nun evento, con independencia do número dos seus autores.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión destas subvencións presentaranse na forma e prazo que se indica nos artigos 2 e 3 das bases xerais, tendo en conta o seguinte:

-O modelo oficial de solicitude desta subvención é o denominado PXI-04.

-Presentarase un único exemplar desta solicitude.

2. Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

-Documento acreditativo da categoría do solicitante. No caso de persoal interino ou contratado, o documento deberá estar vixente na data de peche da convocatoria. Naqueles casos en que a categoría do solicitante non leve implícita a condición de doutor, esta, se é o caso, deberá acreditarse.

-Resumo do traballo/comunicación que se vai expoñer na reunión.

-Xustificante de aceptación do traballo/comunicación que se vai expoñer na reunión.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para un mesmo fin das distintas administracións públicas competentes.

-Certificación expedida por unha entidade bancaria en que conste que o solicitante é titular dunha conta e con indicación do seu número.

-Fotocopia do documento nacional de identidade ou do documento equivalente no caso de nacionais doutros países (só no caso de que o interesado non outorgue consentimento expreso para que a Administración verifique os seus datos a partir do número do documento de identificación).

Ademais dos documentos anteriores deberá xuntarse:

-Para o caso de doutores: relación dos 5 fitos de investigación máis salientables, nos 3 últimos anos, cada un deles debidamente documentado. Entre os fitos deberán figurar necesariamente publicacións científicas.

-Para o caso dos solicitantes non doutores: informe do director/a da tese en que conste o interese que ten a asistencia do solicitante á dita reunión.

Artigo 5º.-*Criterios de valoración.*

1. Para a selección dos beneficiarios, a comisión terá en conta os seguintes criterios:

a) Daráselles prioridade ás solicitudes para asistencia a congresos de carácter internacional, outorgando 2 puntos cando o congreso teña tal carácter.

b) Para os solicitantes non doutores, con suficiencia investigadora, terase en conta a adecuación da temática da reunión ao obxecto de estudo da tese de doutoramento proposta (máximo 5 puntos).

c) As solicitudes presentadas por doutores deberán ser avaliadas valorando a relevancia dos fitos de investigación achegados e a adecuación da temática da reunión ao perfil investigador (máximo 5 puntos).

d) No caso de empate na puntuación obtida entre un investigador doutor e un doutorando, daráselle prioridade á solicitude presentada polo investigador doutorando.

e) De conformidade co establecido no artigo 20.2.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, valorarase a utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda (1 punto).

2. Aqueles solicitantes seleccionados pola comisión que fosen beneficiarios destas axudas na convocatoria do ano anterior, unicamente poderán ser beneficiarios nesta convocatoria se, finalizado o proceso de selección do resto de solicitantes, existisen dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 6º.-*Xustificación da subvención.*

1. As subvencións faranse efectivas mediante libramento único e directo aos beneficiarios, que deberán presentar a documentación que se indica a continuación, na data límite do 15 de outubro de 2010, salvo no caso das actividades subvencionables que se realicen con posterioridade a esta data, en que a xustificación poderá ter entrada no rexistro da Dirección Xeral de I+D+i ata o 15 de decembro de 2010:

-Documentación acreditativa da realización do gasto e do pagamento por parte do beneficiario da axuda.

-Certificación de asistencia.

-Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. A dita declaración farase antes do pagamento da subvención.

